

“CARREIRA SOLIDARIA VIRTUAL SOMOS UNIDOS POR EL CÁNCER”

1. O Club Deportivo Biosbardo organiza este evento solidario en favor de “Somos unidos por el Cáncer”. A carreira realizarase de forma individual nun percorrido libre, cun mínimo de 5 km. Poderá facerse camiñando, correndo, en bici, handbike, etc. dentro da súa consideración de “virtual”.
2. A distancia a percorrer será de 5 quilómetros, podendo realizar máis distancia de forma voluntaria e sempre cumprindo as normas sanitarias e de circulación de obrigado cumprimento.
3. Unha vez realizado o percorrido a/o deportista subirá na plataforma de championship o seu percorrido aparecendo na Clasificación virtual. Non haberá premios por non ser un evento competitivo, dende a organización consideramos que o maior premio é contribuir con quen nos precisa.
4. As inscricións faranse na plataforma de Championshipnorte, cunha participación de 3€ podendo o deportista realizar unha donación a maiores. Poderá participar calquera persoa rexistrada, sen restricións de idade entre o 4 de abril e o 4 de maio, aceptando o presente regulamento.
5. Toda participación no evento faise baixo a responsabilidade do propio participante, manifestando atoparse en estado físico apto para levar a cabo a actividade. A organización declina toda responsabilidade dos danos que se poidan xerar durante a proba, sobor dos participantes ou terceiros.
6. Todo deportista que o desexe poderá subir a súa foto etiquetando nas redes sociais ó C.D.Biosbardo compartindo así a súa participación e o noso #ESPÍRITOSOLIDARIO

En Lugo, a 30 de marzo de 2021

www.club-biosbardo.webnode.es

